

## Funcionamento

### Solicitud de participación

Para acceder a este servizo só é necesario que o Club de Lectura interesado en participar o solicite mediante envío dun correo electrónico ao seguinte enderezo [cl@xunta.gal](mailto:cl@xunta.gal) no que constarán os seguintes datos:

- Nome do club, da biblioteca ou entidade solicitante
- Lugar de envío dos exemplares
- Datos de identificación da persoa responsable do club
- Teléfono de contacto.

Ademais deberá xuntarse ao correo unha **declaración asinada da persoa responsable da biblioteca, axencia de lectura ou entidade onde conste expresamente que se fará cargo da integridade dos fondos que van recibir e se comprometa a cumprir as normas de funcionamento do Club de lectura de Galicia.**

### Solicitud de Exemplares

Os lotes ofrecidos estarán compostos por un mínimo de 10 exemplares dun mesmo título.

Os clubs só poderán ter un título en préstamo por cada período de lectura. Sete (7) días antes da finalización deste período poderase solicitar en préstamo o seguinte título.

Antes de proceder á petición dos exemplares deberase comprobar a súa dispoñibilidade no catálogo para as datas solicitadas.

A petición dos lotes realizarase a través do enderezo electrónico [cl@xunta.gal](mailto:cl@xunta.gal) e enviarase polos seguintes seguintes medios:

- A través do enderezo electrónico [cl@xunta.gal](mailto:cl@xunta.gal)
- Para as bibliotecas integradas no catálogo colectivo de Koha,

solicitude a través do módulo de Circulación

Na solicitude de préstamo deberán figurar os seguintes datos:

- Solicitante
- Títulos solicitados
- Número de exemplares
- Enderezo a onde se enviarán os fondos
- Número de socio de Club de lectura (unha vez que se lle sexa asignado)

A biblioteca provedora comprométese a enviar o lote solicitado nun prazo máximo de 7 días. De non poder atender a petición, comunicarao o máis axiña posible.

### **Préstamo**

O prazo de préstamo é de **un mes e medio (45 días)**.

Este prazo comezará a contar dende o día que se faga efectivo na Biblioteca de Galicia e rematará o día en que os fondos sexan recibidos na antedita biblioteca.

Aquelas bibliotecas, axencias de lectura ou entidades que non cumpran co prazo de devolución serán sancionadas sen a posibilidade de solicitar máis títulos (en préstamo ou en reserva) nun prazo máximo de 3 meses. As sancións estableceranse en proporción aos días de atraso na devolución e o número de exemplares prestados.

### **Reservas**

As bibliotecas, axencias de lectura ou entidades poderán reservar títulos para que lles sexan prestados no mes en curso ou no mes seguinte. Para iso é

preciso solicitala no correo electrónico do club, [cl@xunta.gal](mailto:cl@xunta.gal)

Aquelas bibliotecas, axencias de lectura ou entidades que teñan algún título reservado e non fagan efectivo o préstamo no prazo dunha semana a contar dende o día en que estaba prevista a realización do préstamo perderán a reserva e serán sancionadas durante 3 meses sen a posibilidade de facer máis reservas.

A mesma medida se aplicará a aquelas bibliotecas, axencias de lectura ou entidades que desistan ou queiran cambiar a data dunha reserva, a non ser que o fagan no prazo de 10 días dende a data en que a solicitaron.

Para facer efectiva unha reserva será necesario solicitar o préstamo do título reservado.

## **Envíos e Devolucións**

As obras empaquetaranse de forma adecuada para evitar deterioro.

A caixa levará, ben visible, a seguinte indicación: "Biblioteca de Galicia, Biblioteca Central de Préstamo, Clubs de Lectura"

## **Custos dos Envíos e Devolucións**

A Biblioteca Central de Préstamo enviará gratuitamente os lotes ás bibliotecas da Rede que asumirán os gastos de devolución salvo nos casos de bibliotecas fóra da nosa comunidade autónoma que terán que facerse cargo dos custos tanto dos envíos como das devolucións.

## **Obrigas dos Clubs de Lectura**

Os clubs de lectura deberán cumprir a normativa do servizo e en particular os seguintes requisitos:

- Devolver as obras nos prazos sinalados.
- Manter a integridade do lote prestado. En caso de deterioro ou

perda, o club deberá repoñelo ou abonar o importe correspondente.

- Manter actualizados os datos do carné.
- Facilitar calquera información requirida pola Biblioteca Central de Préstamo.
- Avisar a través do enderezo electrónico do club de lectura de calquera cambio nos datos da persoa responsable dos préstamos así como de enviar unha nova **declaración asinada pola nova persoa responsable da biblioteca, axencia de lectura ou entidade onde conste expresamente que se fará cargo da integridade dos fondos que van recibir e se comprometa a cumprir as normas de funcionamento do Club de lectura de Galicia.**